

**SESIÓN ORDINARIA CONXUNTA DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS
PERMANENTES DO DÍA 25 DE SETEMBRO DE 2007**

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás vinte horas do día vinte e cinco de setembro de 2007, reúnense simultaneamente nun mesmo acto, tal e como establece o artigo 134.1 alínea 4ª do Regulamento orgánico municipal, en sesión ordinaria e primeira convocatoria, os membros das Comisións Informativas permanentes de estudo, informe, consulta e seguimento, coa denominación e concelleiros adscritos que a continuación se relacionan, segundo se deriva da acta da sesión extraordinaria da Corporación municipal de data 13 de xullo de 2007.

A) Comisión Informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Promoción Económica.

Asistentes:

- Presidente: Don Francisco Javier Varela Tejedor, do PS de G-PSOE.
- Don Felipe Andreu Barallobre, do PP.
- Don Antón Otero Domínguez, do BNG.
- Don Luis Miguel Taibo Casás, de EU-IU.
- Don Manuel Marante Gómez, do PG.

Asisten, como persoal da Corporación para efectos informativos, dona Isabel Mª Fuentes Torices, interventora accidental, e don Emilio Martínez Cubero, xefe da área de Urbanismo e Réxime Interior.

B) Comisión Informativa de Ordenación do Territorio, Medio Ambiente, Obras e Servizos.

Asistentes:

- Presidente: Don Antonio Varela Saavedra, do PS de G-PSOE.
- Don Nicolás José Cubeiro Martínez, do PP.
- Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, do BNG.

- Don Luis Miguel Taibo Casás, de EU-IU.
- Don Manuel Marante Gómez, do PG.

C) Comisión Informativa de Educación, Benestar Social, Cultura, Normalización Lingüística e Participación Cidadá.

Asistentes:

- Presidente: Don Jaime Manuel López Lisnier, do PS de G-PSOE.
- Dona Goretti Pérez Elexpuru, do PP.
- Dona Gumersinda Becerra Montes, do BNG.
- Don Juan Antonio Fernández López, de EU-IU.
- Don Manuel Marante Gómez, do PG.

Faise constar que asisten, ademais, os seguintes membros dos grupos municipais: dona Erundina Prado Arcay, dona Carmen Tato Lago, don José Venancio Salcines Cristal e dona María Beatriz Ramos Padín, do PS de G-PSOE; don José Antonio Baamonde López, dona María Jesús González Roel, dona María Jesús Vieites Mariñas e don Santiago Manuel Ríos Rama, do PP; e dona Laura Fernández Martínez, do BNG, co que a realización desta sesión conxunta lévase a cabo coa presenza de todos os concelleiros que forman a corporación.

Actúa como secretaria dona M^a Luisa de la Red Ampudia, secretaria da Corporación.

A continuación, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria correspondente á:

COMISIÓN INFORMATIVA DE PRESIDENCIA, RÉXIME INTERIOR, FACENDA E PROMOCIÓN ECONÓMICA

1º.- Aprobación, se procede, do borrador da acta da sesión ordinaria.

O Sr. presidente pregunta se algún dos membros da Comisión Informativa ten algunha observación que formular ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria de 28 de agosto de 2007.

Don Francisco Javier Varela Tejedor, concelleiro do grupo municipal do PS de G-PSOE, manifesta que na páxina 10, apartado primeiro, onde di “..... o Sr. Varela Tejedor responde que o xestor estará para controlar a realización de obras” debe dicir que “.... o Sr. Varela Tejedor responde que o asesor en xestión de proxectos estará para controlar a correcta realización e execución das obras e proxectos en xeral” pois foi o que manifestou.

Don Nicolás Cubeiro Martínez, concelleiro do grupo municipal do PP, solicita que se faga constar que el contestou que as inquedanzas dos veciños tamén as recollen os políticos.

Don Nicolás Cubeiro Martínez manifesta que na páxina 23, último parágrafo, liña segunda, onde di “unha asociación de empresarios,” debe dicir “unha asociación de veciños,”.

Don Francisco Javier Varela Tejedor manifesta que na páxina 27 apartado quinto in fine, onde di “O goberno non ten que estar controlando o labor dos tribunais, senón que poden decidir como articular o procedemento de exame, pero non son quen garantiza os principios de igualdade, mérito e capacidade que deben cumprir os tribunais.”, debe dicir “O goberno non ten que estar controlando o labor dos tribunais, senón que o goberno municipal e a propia Corporación, teñen que garantir que os tribunais cumpran cos principios constitucionais que garanticen os principios de igualdade, mérito e capacidade.”.

Don Francisco Javier Varela Tejedor manifesta que na páxina 29 apartado sexto in fine, onde di “... se é de seis meses prorrogables a un ano, o que se responde afirmativamente polo Sr. Varela Tejedor.”, debe dicir “.... se é de seis meses prorrogables a un ano, o Sr. Varela Tejedor contesta que si, o periodo máximo é dun ano”.

Don José Venancio Salcines Cristal, do grupo municipal do PS de G-PSOE, solicita que na páxina 16 último apartado, se modifique a cifra de 8.000 €por 1.800 €

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, concelleiro do grupo municipal do BNG, manifesta que na páxina 8 apartado cuarto onde di “En canto ao xestor de seguimento de proxectos, existe unha carencia de técnicos no concello que, ao seu parecer entende que é máis que dabondo, debendo”, debe dicir “En canto ao xestor de seguimento de proxectos, a carencia de técnicos que existía no concello, ao seu parecer entende que están máis que superadas, debendo”.

Don Luis Miguel Taibo Casás, concelleiro de EU-IU, manifesta que, na páxina 17 apartado primeiro in fine, onde di "... que demande a actividade de patinaxe.", debe dicir "... que demande a actividade de hockey sobre patíns."

Non se formulan máis observacións, polo que a Comisión, por unanimidade dos cinco concelleiros que a compoñen, acordou aprobar a acta de referencia coas modificacións propostas segundo aparecen transcritas.

2º.- Ratificación, se procede, da Resolución de Alcaldía do día 19 de setembro de 2007, respecto do establecemento das festas locais para o ano 2008.

Dada conta da Resolución de Alcaldía nº 1.474 de 19 de setembro deste ano, que se transcribe literalmente a continuación:

"Visto o escrito da Delegación provincial da Consellería de Traballo rexistrado de entrada o día 3 de setembro de 2007 co número 9.807, no que solicita a designación das festas locais para o ano 2008.

Visto que se debe remitir a proposta municipal con anterioridade ao día 20 de setembro de 2007.

En uso das atribucións que me confire o artigo 21 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, resolvo:

Primeiro: Fixar como festas locais para o ano 2008 o martes de entroido e o luns 18 de agosto.

Segundo: Comuníquese ao Pleno na vindeira sesión que teña lugar, para os efectos da súa ratificación e remítase a correspondente certificación á Delegación provincial."

A Comisión, en votación ordinaria, por unanimidade dos cinco concelleiros que a compoñen, ditamina favorablemente a seguinte proposta:

Ratificar a Resolución de Alcaldía nº 1.474 de 19 de setembro de 2007, respecto do establecemento das festas locais para o ano 2008.

3º.- Aprobación, se procede, da proposta de Alcaldía respecto da modificación dos artigos 108.5 e 115.1 apartados c), f) e g) do Regulamento orgánico municipal.

Dada conta da proposta de Alcaldía de data 14 de setembro actual, cuxa parte dispositiva se transcribe literalmente a continuación:

“Primeiro: Aprobar, con carácter inicial, a modificación do artigo 108.5, así como dos apartados c, f) e g) do artigo 115.1 do ROM, nos parágrafos que a seguir se relacionan, manténdose nos seus termos o resto do texto dos anteditos artigos.

Os parágrafos modificados quedarían redactados do seguinte xeito:

Artigo 108.5, parágrafo terceiro: “*A Presidencia poderá limitar ata un máximo de unha as mocións que presente un grupo municipal nun mesmo pleno ordinario.*”

Artigo 115.1.c), parágrafo quinto . “*Como xa se fixo constar no artigo 108.5 do presente Regulamento, a Presidencia poderá limitar ata un máximo de unha as mocións que presente un grupo municipal nun mesmo pleno ordinario*

Artigo 115.1f) parágrafo cuarto: “*A presidencia poderá limitar ata un máximo de tres os rogos que presente un grupo municipal nun mesmo pleno ordinario, tendo en conta que cada rogo formulado só poderá instar unha única proposta de actuación, non podendo acumularse nun mesmo rogo varias peticións. O así formulado entenderase como non presentado.*”

Artigo 115.1g) parágrafo cuarto: “*A presidencia poderá limitar ata un máximo de tres as preguntas que presente un grupo municipal nun mesmo pleno ordinario, tendo en conta que cada pregunta só poderá conter unha única cuestión, non podendo acumularse nunha mesma pregunta varias cuestións. A así formulada entenderase como non presentada.*”

Segundo: Abrir un prazo de trinta días para información pública e audiencia aos interesados, co fin de que poidan presentar as reclamacións e suxestións que estimen oportunas.

Terceiro: No caso de que non se presenten, entenderase definitivamente aprobada a modificación do ROM e publicarase o texto modificado no Boletín Oficial da

Provincia, de conformidade co establecido no artigo 70.2 da Lei 7/85, reguladora das bases do réxime local.”

Aberto debate, don Luis Miguel Taibo Casás, concelleiro de EU-IU, manifesta que con esta proposta se reduce a posibilidade de presentar iniciativas, polo que se reduce a posibilidade de debate e participación.

O Sr. alcalde contesta que se trata só de pasar de seis a tres os rogos e preguntas e de tres a unha moción nos plenos, agás, loxicamente, casos de excepción, en que poden tratarse máis dunha moción. Con iso o que se pretende é axilizar os plenos, de feito, engade, como se pode comprobar, hai rogos e preguntas que se repiten polos distintos grupos municipais.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, concelleiro do BNG, expón que hai unha variación respecto do que se quedou na Xunta de Voceiros, xa que nela se dixo que a limitación era só para o pleno, pero non para as comisións informativas, en cambio, e segundo se fai constar no informe emitido pola secretaria accidental, a modificación dos apartados f) e g) do art. 115 do Regulamento orgánico municipal afectan tamén ás comisións informativas, polo que se reducen a tres os rogos e preguntas que cada grupo municipal pode presentar para cada sesión ordinaria conxunta das comisións informativas.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez, concelleiro do grupo mixto (PG), expón que se o que preocupa é o tempo que se perde, en realidade é nas comisións informativas onde máis se discuten os temas, e cando se chega ao pleno, os asuntos están tan debatidos que xa non se fan tantas intervencións e é máis rápido, polo que é no pleno onde hai máis tempo para tratar os rogos e preguntas.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo considera que esta proposta vai dirixida a restrinxir a participación, polo que o mellor sería deixarlo sobre a mesa e formular outra proposta máis concreta.

O Sr. alcalde contesta que o criterio da proposta é reducir as mocións, rogos e preguntas no pleno, non afectando para nada ás comisións informativas.

O Sr. Marante responde que se a desculpa é porque os plenos se fan interminables, antes nas comisións informativas non se presentaban rogos e preguntas, había que presentalos no pleno, polo que agora serán as comisións informativas as que se prolonguen.

Don Luis Miguel Taibo Casás engade que os plenos serán máis ou menos áxiles dependendo da aptitude dos grupos municipais, e os veciños elixiron aos concelleiros precisamente para debater no pleno.

O Sr. alcalde conclúe dicindo que o espírito da proposta está claro, e así consta que o que se trata é de modificar unicamente os artigos 108.5 e 115.1 c) do Regulamento orgánico municipal, que se refiren a limitar a unha as mocións nos plenos ordinarios, e o artigo 115.1 apartados f) e g) que se refiren a limitar a un máximo de tres os rogos e preguntas nos plenos ordinarios, e nada se di de limitar os rogos e preguntas a presentar nas comisións informativas. Se segundo se deriva do informe da secretaria accidental a normativa aplicable ao pleno é tamén aplicable ás comisións informativas segundo se establece no artigo 135 do Regulamento orgánico municipal, trataríase de modificar a redacción deste artigo para que non sexa aplicable ás comisións informativas a redución de rogos e preguntas, tal e como se quedou na Xunta de Voceiros. Por iso propón modificar a parte dispositiva da proposta, que quedaría redactada como se transcribe a seguir, para o seu ditame pola Comisión:

“Á vista do exposto, propoño ao Pleno a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro: Aprobar, con carácter inicial, a modificación dos artigos 108.5, 115.1 apartados c), f) e g), e artigo 135 parágrafo primeiro do Regulamento orgánico municipal, tal e como se transcribe a continuación, manténdose nos seus termos o resto do texto dos anteditos artigos.

Os parágrafos modificados quedarían redactados do seguinte xeito:

Artigo 108.5, parágrafo terceiro: “*A Presidencia poderá limitar ata un máximo de unha as mocións que presente un grupo municipal nun mesmo pleno ordinario.*”

Artigo 115.1 c), parágrafo quinto . “*Como xa se fixo constar no artigo 108.5 do presente Regulamento, a Presidencia poderá limitar ata un máximo de unha as mocións que presente un grupo municipal nun mesmo pleno ordinario*

Artigo 115.1 f) parágrafo cuarto: “*A presidencia poderá limitar ata un máximo de tres os rogos que presente un grupo municipal nun mesmo pleno ordinario, tendo en conta que cada rogo formulado só poderá instar unha única proposta de actuación, non podendo acumularse nun mesmo rogo varias peticións. O así formulado entenderase como non presentado.*”

Artigo 115.1 g) parágrafo cuarto: “A presidencia poderá limitar ata un máximo de tres as preguntas que presente un grupo municipal nun mesmo pleno ordinario, tendo en conta que cada pregunta só poderá conter unha única cuestión, non podendo acumularse nunha mesma pregunta varias cuestións. A así formulada entenderase como non presentada.”

Artigo 135 parágrafo primeiro: “Respecto das comisións informativas e de seguimento da xestión do alcalde, Xunta de Goberno Local e concelleiros que exerzan delegacións, e tendo en conta a devandita función de seguimento que lles foi atribuída polo artigo 20.1 c) da Lei 11/99, do 21 de abril, e que igualmente se recolle no artigo 78.2, letra c) do presente Regulamento, na orde do día das sesións ordinarias, logo dos asuntos respecto dos que se deban emitir os correspondentes ditames, incluírase o punto de rogos e preguntas. A presidencia poderá limitar ata un máximo de seis os rogos e preguntas que presente un grupo municipal para cada comisión informativa, e no demais será de aplicación o establecido para o efecto no artigo 115.1 f) e g) en relación co pleno.”

Segundo: Abrir un prazo de trinta días para información pública e audiencia aos interesados, co fin de que poidan presentar as reclamacións e suxestións que estimen oportunas.

Terceiro: No caso de que non se presenten, entenderase definitivamente aprobada a modificación do ROM e publicarase o texto modificado no Boletín Oficial da Provincia, de conformidade co establecido no artigo 70.2 da Lei 7/85, reguladora das bases do réxime local.”

A Comisión, en votación ordinaria, por dous votos a prol correspondentes aos concelleiros do PS de PG-PSOE e PP, e tres votos en contra correspondentes aos concelleiros do BNG, EU-IU e grupo mixto (PG), en aplicación do sistema de voto ponderado, ditamina favorablemente a seguinte proposta:

Primeiro: Aprobar, con carácter inicial, a modificación dos artigos 108.5, 115.1 apartados c), f) e g), e artigo 135 parágrafo primeiro do Regulamento orgánico municipal, tal e como se transcribe a continuación, manténdose nos seus termos o resto do texto dos anteditos artigos.

Os parágrafos modificados quedarían redactados do seguinte xeito:

Artigo 108.5, parágrafo terceiro: “A *Presidencia* poderá limitar ata un máximo de unha as mocións que presente un grupo municipal nun mesmo pleno ordinario.”

Artigo 115.1 c), parágrafo quinto . “Como xa se fixo constar no artigo 108.5 do presente Regulamento, a *Presidencia* poderá limitar ata un máximo de unha as mocións que presente un grupo municipal nun mesmo pleno ordinario

Artigo 115.1 f) parágrafo cuarto: “A *presidencia* poderá limitar ata un máximo de tres os rogos que presente un grupo municipal nun mesmo pleno ordinario, tendo en conta que cada rogo formulado só poderá instar unha única proposta de actuación, non podendo acumularse nun mesmo rogo varias peticións. O así formulado entenderase como non presentado.”

Artigo 115.1 g) parágrafo cuarto: “A *presidencia* poderá limitar ata un máximo de tres as preguntas que presente un grupo municipal nun mesmo pleno ordinario, tendo en conta que cada pregunta só poderá conter unha única cuestión, non podendo acumularse nunha mesma pregunta varias cuestións. A así formulada entenderase como non presentada.”

Artigo 135 parágrafo primeiro: “Respecto das comisións informativas e de seguimento da xestión do alcalde, Xunta de Goberno Local e concelleiros que exerzan delegacións, e tendo en conta a devandita función de seguimento que lles foi atribuída polo artigo 20.1 c) da Lei 11/99, do 21 de abril, e que igualmente se recolle no artigo 78.2, letra c) do presente Regulamento, na orde do día das sesións ordinarias, logo dos asuntos respecto dos que se deban emitir os correspondentes ditames, incluírase o punto de rogos e preguntas. A *presidencia* poderá limitar ata un máximo de seis os rogos e preguntas que presente un grupo municipal para cada comisión informativa, e no demais será de aplicación o establecido para o efecto no artigo 115.1 f) e g) en relación co pleno.”

Segundo: Abrir un prazo de trinta días para información pública e audiencia aos interesados, co fin de que poidan presentar as reclamacións e suxestións que estimen oportunas.

Terceiro: No caso de que non se presenten, entenderase definitivamente aprobada a modificación do ROM e publicarase o texto modificado no Boletín Oficial da Provincia, de conformidade co establecido no artigo 70.2 da Lei 7/85, reguladora das bases do réxime local.

4º.- Rogos e preguntas.

Non se presentaron rogos por escrito.

Preguntas do PP presentadas por escrito.

1ª.- ¿Existe algún plan de actuación e apoio para o fomento e creación de novas empresas?. ¿Que actuacións se están a levar a cabo na actualidade e que apoio se está a ofrecer ás empresas que xa están asentadas no noso concello?

Don José Venancio Salcines Cristal contesta que en canto ao fomento, depende do mercado, entendendo por aquelas que se poden instalar en Cambre, e unha vez instaladas, o fundamental é que o consumidor entre pola tenda e compre. En canto a que entre e compre, non está en mans da Axencia, pero no demais, vaise tentar crear atractivos, como por exemplo, vaise facer un plan de feiras, que será un imán.

Non obstante, segue dicindo, segundo información recabada dos servizos da Axencia de Desenvolvemento Local, no 2006, e en canto á promoción de nova actividade, atenderon a 244 persoas, que levaron a cabo un total de 88 proxectos. En canto á xeración de emprego promovido por novas empresas, xeráronse no 2006 41 novos empregos, e solicitáronse 59 subvencións relacionadas cos emprendedores.

En canto á atención a empresas radicadas no municipio, no 2006 atendéronse 100 empresas e tramitáronse 44 subvencións para empresarios.

En canto á promoción sectorial hai actuacións de colaboración con asociacións de empresarios, así a IV Feira do Comercio de Cambre, onde se achegaron 9.000€ a III Feira Empresarial do Temple e II Salón do automóbil, achegáronse 6.000 € ou o convenio coa comunidade de propietarios do polígono industrial do Espírito Santo, que se achegou 15.000 €

Tamén hai actuacións dirixidas ao sector terciario como na Campaña do Nadal 2006, instalación de paneis informativos, etc.

Conclúe dicindo que, non obstante, o empresario que se ven asesorar ao concello, é un empresario tipo medio, os demais contan xa cun servizo máis personalizado. Non obstante, conclúe, están abertos a suxestións.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez, concelleiro do PP, contesta que falan de apoio a empresas e, polo tanto, que non se poñan inconvenientes, pero, por exemplo, as

licenzas de actividades se eternizan, hai parcelas infrautilizadas, como unha de 100.000 m² que está sen utilizar e, ademais, no polígono industrial estase aplicando a normativa en ruídos o mesmo que se aplica na zona urbana. Considera que deberían terse en conta estes e outros moitos aspectos.

Don José Venancio Salcines Cristal responde que estamos nun réxime democrático e a propiedade privada non é pública. Na parcela a que se referiu parece ser que se ía instalar a empresa Emesa, que é unha filial do Banco Pastor, pero aínda non hai nada, cando saiba algo ao respecto xa informará.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez contesta que quede claro que onde se refire a unha parcela de 100.000 m², refírese a solo público, pois é propiedade do SEPES e está sen desenvolver, non se refire a terreos de propiedade privada.

Don José Venancio Salcines Cristal continúa dicindo que hai outra parcela de preto de 20.000 m² que está destinada a un uso, oficinas ou similares, que en principio non é interesante para o dono, o capital privado considera que non é rendible, polo que haberá que considerar un posible troco de uso. Localizouse ao propietario e están con ánimo de reunirse para ver se se pode abordar o troco. Conclúe dicindo que, respecto das licenzas de actividade, son conscientes dos problemas que existen.

Concedida a palabra a don Emilio Martínez Cubero, xefe da área de Urbanismo e Réxime Interior, manifesta que hai moitos expedientes que non poden ser obxecto de licenza porque se teñen incoado expedientes de disciplina urbanística, polo tanto, non se poden legalizar. Ademais, hai outro problema, a maior parte das actividades están en precario, cando ven o empresario e se lle di que non se pode conceder licenza seguen co proxecto adiante.

En canto ao resto das actividades, continúa dicindo que todos saben que hai un departamento que está saturado, onde os funcionarios teñen varias funcións que desempeñar, e os requirimentos para a achega de documentación son numerosos. Para o 2007 creouse unha nova praza de enxeñeiro de obra pública, e creouse precisamente coa finalidade de vaciar contido doutro posto de traballo para que se dedique o funcionario precisamente ás licenzas de actividade. Ademais, engade, coa oficina que se vai crear de atención e tramitación posibilitarase que a atención ao público e tramitación se leve a cabo na citada oficina, o que supón que o departamento de servizos disporá de máis tempo para facer o seguimento dos expedientes.

O Sr. alcalde engade que agarda que nuns meses o sistema de traballo cambie, sendo conscientes dos problemas que existen na actualidade.

Don Francisco Javier Varela Tejedor engade que se está estudando unha modificación do organigrama administrativo coa finalidade de axilizar. Levarano a negociación cos técnicos municipais, grupos políticos, etc., para incluílo despois no orzamento.

Preguntas do BNG presentadas por escrito.

1ª.- ¿Cal é o estado das tramitacións de solicitude de compatibilidade dirixida ás institucións onde perciben salarios varios membros do goberno local cunha dedicación parcial proposta polo Sr. alcalde?

Don Francisco Javier Varela Tejedor contesta que se fixo a tramitación dende a Secretaría municipal, e non se recibiu contestación, non obstante, a dedicación parcial estase cumprindo ao pé da letra, sen cobrar nada.

A continuación, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria correspondente á:

COMISIÓN INFORMATIVA DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO, MEDIO AMBIENTE, OBRAS E SERVIZOS.

1º.- Aprobación, se procede do borrador da acta da sesión anterior.

O Sr. presidente pregunta se algún dos membros da Comisión Informativa ten algunha observación que formular ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria de 28 de agosto de 2007.

Non se formula ningunha, polo que, por unanimidade dos cinco concelleiros asistentes á sesión, queda aprobada a acta de referencia.

2º.- Aprobación definitiva da modificación do estudo de detalle da unidade de execución n.º 24 das Normas subsidiarias de planeamento de Cambre, sita na Barcala.

Dada conta do expediente de modificación puntual do estudo de detalle para a unidade de execución n.º 24, sita na Barcala-Cambre.

Visto o informe emitido polo xefe da área de Urbanismo e Réxime Interior de data 5 de setembro actual.

Aberto debate, don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, concelleiro do BNG, pregunta se unha vez aprobado o estudo de detalle, a continuación se solicita a licenza de obras e se dá a licenza de actividade, porque a noticia que ten é que están a punto de inauguralo.

Don Emilio Martínez Cubero, xefe da área de Urbanismo e Réxime Interior contesta que iso é así, pero o empresario sabe que a día de hoxe, ou en 24 horas, ou incluso en tres meses, non vai dispoñer da licenza de actividade, pois a tramitación do expediente leva tempo. Presentou os proxectos, pero o estudo de detalle aínda non se aprobou. Engade que despois se queixan algunhas persoas da excesiva burocracia.

Don Manuel Marante Gómez, concelleiro do grupo mixto (PG), pregunta que, dado que parece que se vai a inaugurar esa instalación sen licenza, e que vai ser usada por moita xente, que pasaría se por calquera circunstancia houbera unha desgracia.

Don Emilio Martínez Cubero contesta que o empresario asume as súas responsabilidades de tipo penal, civil, etc. O concello, se ten coñecemento oficial, tamén sería responsable, pero a día de hoxe non consta nada ao respecto. Conclúe que o concello é permisivo, igual que os demais concellos, pois o Regulamento de actividades molestas, insalubres e perigosas está obsoleto.

Don Luis Miguel Taibo Casás, concelleiro de EU-IU, contesta que esas obras as coñece todo o mundo, e a moita xente chámalle a atención que non se diga nada, e a outros que piden permiso para reparar un simple tellado tardan tres meses e non se deixa empezar as obras. Conclúe dicindo que se abstén, iso en función do que votaron no ano 97, porque non teñen licenza, etc.

A Comisión, en votación ordinaria, por un voto a prol correspondente ao concelleiro do PS de G-PSOE, e catro abstencións correspondentes aos concelleiros do PP, BNG, EU-IU e GM (PG), en aplicación do sistema de voto ponderado, ditamina favorablemente a seguinte proposta:

Primeiro: Aprobar definitivamente a modificación puntual do estudo de detalle da unidade de execución n.º 24 das Normas subsidiarias do planeamento de Cambre, sita na Barcala-Cambre, promovida por don José M^a Olavarria Sánchez, na representación de Fábricas Lucía Antonio Beteré, S.A., e elaborada pola arquitecta dona Natalia Seoane Bueno e consistente na reordenación do espazo previsto como acceso central do centro comercial a zona de actividade comercial.

Segundo: Publicar este acordo de aprobación definitiva no Diario Oficial de Galicia de conformidade co artigo 92.2 da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

Terceiro: Comunicar ao conselleiro de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda a aprobación definitiva e darlle traslado dunha copia autenticada de dous exemplares do estudo de detalle aprobado definitivamente, de conformidade co artigo 92.3 da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

3º.- Rogos e preguntas.

Non se presentaron rogos por escrito.

Preguntas do PP presentadas por escrito.

1ª.- ¿Cando está previsto que se constitúa a Comisión Informativa Especial para o AVE?

O Sr. alcalde contesta que, se lles ven ben a todos, o vindeiro día 10 de outubro, ás 20:00 horas, pero falarano antes por se hai algún problema.

2ª.- Concelleiros do grupo municipal popular observamos unha serie de deficiencias na parroquia de Sigrás que paso a detallar:

- Mal estado de camiños na zona de Pontido.
- Mal estado de parte do camiño que une Pontido con Aián (hai unha parte sen asfaltar)

- Camiño de Aián a Cangas (a parte pertencente a Culleredo está ben, pero os 200 metros que pertencen a Cambre están intransitables).
- O cartel de límite do concello na estrada de Aián a Sueiro está mal situado (debería colocarse uns 50 m. antes), aparte está rodeado de maleza e apenas se le.
- Vertidos de augas fecais na zona do Vilar en Pontido (moitas vivendas teñen tubos á vista que verten aos camiños).
- A abundante vexetación que existe nas ladeiras que bordean a autovía favorece que exista un maior risco de incendio que pode afectar aos veciños da zona.
- No cruzamento do Vilar hai un tramo de desaugadoiro que está tapado pola vexetación e aínda que hai firme non é así e varios coches caeron por culpa diso.

Ante isto, o grupo municipal popular solicita que se tomen as medidas oportunas para paliar ou erradicar as citadas deficiencias.

Dona Beatriz Ramos Padín contesta que se tomarán as medidas necesarias, pero pide a colaboración do PP para ir a visitar a zona. Fixarán un día para ir.

Preguntas do BNG presentadas por escrito.

A 5ª pregunta relativa á constitución da Comisión Especial para o AVE xa foi contestada.

6ª.- ¿Cando se constituirá e comezará os seus traballos a Comisión Especial de Participación Cidadá e Información municipal, creada por acordo plenario de 13 de xullo?

Dona Carmen Tato Lago contesta que o vindeiro día 10 de outubro, ás 19:00 horas.

Por último, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria correspondente á:

COMISIÓN INFORMATIVA DE EDUCACIÓN, BENESTAR SOCIAL, CULTURA, NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA E PARTICIPACIÓN CIDADÁ.

1º.- Aprobación, se procede, do borrador da acta da sesión anterior.

O Sr. presidente pregunta se algún dos membros da Comisión Informativa ten algunha observación que formular ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria de 28 de agosto de 2007.

Non se formula ningunha, polo que, por unanimidade dos cinco concelleiros asistentes á sesión, queda aprobada a acta de referencia.

2º.- Aprobación, se procede, das bases para a convocatoria pública das bolsas de estudo para o curso 2007-2008.

Vista a proposta do concelleiro delegado da área de Educación, Xuventude e Deportes de data 17 de setembro actual, na que consta o intervido e conforme da interventora accidental.

A Comisión, en votación ordinaria, por dous votos a prol correspondentes ao concelleiro do PS de G-PSOE e ao concelleiro do GM (PG), coa abstención dos concelleiros do PP, BNG e EU-IU, en aplicación do sistema de voto ponderado, ditamina favorablemente a seguinte proposta:

Primeiro: Aprobar as bases de bolsas de estudo para o curso 2007-2008.

Segundo: Autorizar un gasto de 7.200,00 euros con cargo á partida 2007/403 422 481 “bolsas de estudo” do orzamento municipal.

Terceiro: Comunicar a resolución aos Servizos Económicos para os efectos oportunos.

Cuarto: Publicar as bases no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello, así como darlles publicidade mediante avisos nun dos xornais de maior tirada da provincia e mediante trípticos informativos sobre a convocatoria.

3º.- Rogos e preguntas.

Non se presentaron rogos por escrito.

Preguntas do PP presentadas por escrito.

A primeira, relativa á constitución da Comisión Informativa Especial de Participación Cidadá, Comunicación e Información, dáse por contestada.

2ª.- ¿Asinouse nos dous últimos anos algún convenio de colaboración entre o Concello de Cambre e algunha administración pública para a construción da Casa da Cultura?. Se é así, ¿de que importe son ditas subvencións?

Dona Erundina Prado Arcay expón que neste momento élle difícil contestar con rigor a esta pregunta e á seguinte, e prefire contestalas por escrito en dous ou tres días.

3ª.- Fai aproximadamente ano e medio, os concelleiros do grupo municipal alertabamos do mal estado no que se atopaba a cuberta da igrexa románica de Sta. María de Cambre. Tendo transcorrido ano e medio dende entón, o grupo municipal popular pregunta se dende o Concello se pediu algún tipo de subvención a algunha administración para a reparación da cuberta. ¿Hai algunha administración que teña previsto investir algunha cantidade de diñeiro durante o ano 2007? En caso afirmativo, ¿de que importe sería?

Preguntas do BNG presentadas por escrito.

2ª.- ¿Cantas empresas colaboraron economicamente nas festas patronais de agosto e cal foi o importe total da achega?

Dona Erundina Prado Arcay contesta que foron 46 empresas, e por un importe total de 13.879 €

3ª.- ¿Por que razón a metade dos servizos hixiénicos portátiles instalados xunto ao parque infantil permaneceron pechados con candado durante a celebración do Rock in Cambre?

Dona Erundina Prado Arcay contesta que foi porque, contrariamente ao que era costume, a empresa deixou a chave ao Concello para darlle uso, foi un olvido. Abriuse ás 12 da noite, e aínda ten o Concello as chaves.

4ª.- ¿No contrato de alugueiro dos mencionados servizos figuraba o mantemento e limpeza deles?

Don Erundina Prado Arcay contesta que si.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo engade que haberá que controlar a calidade dos servizos, pois non cumpriron para nada.

Dona Erundina Prado Arcay responde que se terá en conta.

E non habendo máis asuntos que tratar, cando son as vinte e unha horas e trinta minutos, levántase a sesión, e, a teor do establecido no artigo 134.1, alínea 5ª do Regulamento orgánico municipal, exténdese a presente acta única, que é asinada polos presidentes das Comisións Informativas, de todo o cal, eu, secretaria, dou fe.

Presidente da Comisión Informativa de
Presidencia, Réxime Interior, Facenda e
Promoción Económica

Presidente da Comisión Informativa de
Ordenación do Territorio, Medio
Ambiente, Obras e Servizos

Asdo: Francisco Javier Varela Tejedor

Asdo: Antonio Varela Saavedra

Presidente da Comisión Informativa de
Educación, Benestar Social, Cultura,
Normalización Lingüística e
Participación Cidadá

Asdo: Jaime Manuel López Lisnier

A secretaria

Asdo: Mª Luisa de la Red Ampudia